



## CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

# **BANDO DA ALCALDÍA POLO ANO CASTELAO**

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 30 de xaneiro de 1886- Bos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, á que contribuíu cunha brillante obra literaria, plástica e de investigación impregnada do seu compromiso social e político. Castelao comprometeuse coa terra e co país e coa loita por unha Galiza máis xusta e máis libre, que o fixo ser o primeiro presidente cando no exilio encabezou o Consello de Galiza.

Castelao tamén tivo a súa pegada na nosa vila, onde fixo parada en 1932 a través de diferentes mítines do Partido Galeguista en Beluso, Meiro ou Bueu, e nos que participou xunto a outras figuras relevantes como Alexandre Bóveda ou Otero Pedrayo. Nestes actos deixou claro o seu compromiso coa loita contra todo tipo de desigualdades así como coa defensa dos dereitos de Galiza.

O Concello de Bueu adhiérese ao recoñecemento do Ano Castelao no 2025, co deseño dunha programación na que se inclúa a difusión da súa figura e obra. Ao mesmo tempo, faise un chamamento para a participación de todo o tecido asociativo da vila e entidades que así o desexen, para contribuír aos mesmos obxectivos.

Coincidindo co 75 cabodano de Castelao, desde Bueu queremos sumarnos tamén ao recoñecemento do seu legado, coa posta en valor da súa obra e acción, polo que levaremos a cabo o deseño de diversas actuacións que ao





## CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

longo do ano contribúan a este obxectivo e que reflectan a súa relevancia cultural e histórica.

Ademais, queremos animar a toda a veciñanza a seguir coñecendo a obra de Castelao, nas súas múltiples facetas, para o que poden visitar a Biblioteca Municipal Gonzalo Torrente Ballester, onde temos dispoñible unha ampla recompilación da súa obra.

Queremos á vez recuperar as seguintes verbas de Castelao: *“o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeios en realidades, as ideas en feitos”*. Así pois, desde o Concello de Bueu seguiremos traballando este 2025 co obxectivo de mellorar a vida da nosa veciñanza.

**Félix Juncal Novas**

**Alcalde de Bueu**

**(Documento asinado electronicamente ao marxe)**

